



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**Asunto: Resolución recurso de alzada presentado por Alberto Ameijeiras Calvo contra o acta do tribunal.**

**Creación bolsa técnico Centro de Interpretación Minas de San Finx 2024**

**Expediente: 2025/G003/000109**

María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, e no uso das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local.

Á vista dos seguintes antecedentes:

- 1 Providencia da Alcaldía, do 13/06/2024, incoando o procedemento administrativo.
- 2 Memoria xustificativa da Alcaldía, do 13/06/2024, da necesidade da formación da Bolsa de Emprego.
- 3 Informe do TAX, do 13/06/2024, sobre o procedemento e a lexislación aplicable.
- 4 Proposta de Bases de Selección para a creación dunha Bolsa de Emprego do 13/06/2024
- 5 Informe do TAX, do 13/06/2024, sobre a proposta de Bases.
- 6 Informe de Secretaría-Intervención do Concello de Lousame, do 04.07.2024
- 7 Decreto núm. 424/2024 de data 04.07.2024 polo que aproban as bases reguladoras da convocatoria formación dunha bolsa de emprego para realizar contratación laborais temporais de persoal *TÉCNICO/A MUSEO MINAS DE SAN FINX 2024* para o Concello de Lousame.
- 8 Anuncio da convocatoria e bases publicada na sede electrónica do concello de Lousame o día 18.12.2024.
- 9 Anuncio da convocatoria publicado no BOP de A Coruña núm. 246 do 23.12.2024.
- 10 Decreto núm. 6/2025 do 08.01.2025 de corrección de erros nas bases publicado na sede electrónica do concello de Lousame o 08.01.2025
- 11 Decreto 22/2025 do 16.01.2025 polo que se aproba a lista de admitidos e excluídos provisionais e se concede un prazo para reclamacións e emendas dos defectos da documentación.
- 12 Dilixencia de existencia de reclamacións do 24.02.2025.
- 13 O 28.01.2025 mediante Resolución da Alcaldía núm. 42/2025 resolveuse aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos definitiva, nomeamento do Tribunal e data para a constitución do mesmo.
- 14 En data 11.02.2025 publicouse a o Acta do Tribunal cos resultados do proceso de creación de bolsa de emprego para realizar contratación laborais temporais de persoal *TÉCNICO/A MUSEO MINAS DE SAN FINX 2024* para o Concello de Lousame.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

15 En data data 11.02.2025 ditouse Resolución da Alcaldía núm. 63/2025 mediante a cal aprobábase a lista polo orde resultante da puntuación obtida no procedemento para a creación da bolsa de emprego de acordo coa acta do Tribunal de 11.02.2025.

16 En data 13.02.2025 o candidato Alberto Ameijeiras Calvo presenta a través da sede electrónica do Concello recurso de Alzada contra o acta do Tribunal no que se sinala:

<<Solicito a revisión da documentación aportada para que se teña en conta á hora de puntuar a miña experiencia laboral. As diversas "cartas de recomendación" que adxunto e que foron expedidas de xeito oficial por diversas empresas privadas contratantes, demostran o desempeño nos distintos departamentos que conforman un Museo/Centro de Interpretación, con funcións considero propias e EQUIVALENTES ás do posto e categoría que se solicita nas bases reguladoras do Decreto. O baremo indica "servizos prestados en prazas iguais ou equivalentes", abrindo a consideración a aquelas prazas que non son de xeito específico e exclusivo "Técnico de Museo".>>

17 En data 25.02.2025 réunese o Tribunal e emite informe sobre o recurso de alzada presentado no que se sinala:

<<Alegación relativa a:

..."cartas de recomendación" que adxunto e que foron expedidas de xeito oficial por diversas empresas privadas contratantes, demostran o desempeño nos distintos departamentos que conforman un Museo/Centro de Interpretación, con funcións considero propias e EQUIVALENTES ás do posto e categoría que se solicita nas bases reguladoras do Decreto ...

Debemos recordar que non son as "cartas de recomendación" a documentación requirida nas bases para acreditar a experiencia profesional en **prazas iguais ou equivalentes** á que se opta e do análise das mesmas soamente desprendese que realizou os traballos para os que foi contrato na categoría profesional na que foi contratado, isto é monitor e monitor de ocio educativo.

Dispón a base 13.A.6 das que rexen o presente procedemento de selección de persoal:

1. Forma de acreditación: Deberán achegarse conxuntamente os seguintes documentos:
  - a. **Informe de vida laboral** actualizado e
  - b. **Certificación da Administración Pública ou entidade do Sector Público**, expedida pola Secretaría ou órgano competente da entidade, na que se fará constar: Administración ou entidade contratante, vínculo ou réxime xurídico, denominación, grupo/categoría/posto, data de inicio e, no seu caso, finalización da vinculación. No caso de non existir data de finalización da vinculación, valoraranse os servizos efectivos prestados, até a data de publicación no BOP da convocatoria (*ou data de emisión do certificado se é anterior á publicación no BOP da convocatoria*)
  - c. **Contratos de traballo coa empresa privada.**

Xunto coa súa solicitude aporta informe de vida laboral e dous contratos de traballo:

- Con Os ventos innovación en servizos, S.L.
- Con Galipat servizos culturais, S.L.

Do análise do informe da vida laboral aportada polo recorrente se desprende:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

<b>Empresa:</b>	<b>Grupo de cotización no certificado de vida laboral:</b>
Os ventos innovación en servizos, S.L.	05. Oficiais administrativos.
Galipat servizos culturais, S.L.	08. Oficiais de primeira e segunda.

Nos contratos de traballo aportados figura:

<b>Empresa:</b>	<b>Cláusula primeira: prestara os servizos de:</b>
Os ventos innovación en servizos, S.L.	Monitor.
Galipat servizos culturais, S.L.	Monitor de ocio educativo.

Da documentación esixida polas bases a fin de acreditar a experiencia laboral e presentada polo recorrente acredítase que non ten experiencia en postos iguais ou equivalentes aos do posto para o cal se está a crear a presente bolsa de traballo:

Primeiro: porque o grupo de cotización que correspondería, de ter sido contratado polas empresas como técnico sería o 02 o 01.

Segundo: porque nos contratos de traballo aportados indica que o traballador prestará os servizos de monitor e monitor de ocio educativo, non de técnico.

Terceiro: porque das "cartas de recomendación" despréndese que os traballos realizados para as empresas son os propios de monitor e monitor de ocio educativo.

Por este motivos o seu recurso de alzada debe ser rexeitado.>>

Visto os antecedentes e informes obrantes no expediente, de acordo co previsto nas Leis e Regulamentos aplicables, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Desestimar o recurso de Alzada presentado por Alberto Ameijeiras Calvo polos motivos sinalados polo Tribunal no seu acta de data 25.02.2025.

**SEGUNDO:** Confirmar a resolución da Alcaldía núm. 63/2025 de 11.02.2025.

**TERCEIRO:** Notificar a presente resolución aos interesados e publicala na sede electrónica do concello de Lousame.

*Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).*

